



**A CORUÑA-SANTIAGO** Avda. de Coimbra 15, local. 15895 ST / tfno-fax: 981580700  
**LUGO** Rúa Bolaño Ribadeneira, 20-2ºB. 27001 / tfno-fax: 982240066  
**OURENSE** Rúa S. Domingo, 60; gal. Xesta-entrechán, 1. 32005 / tfno-fax: 988252323  
**PONTEVEDRA** Praza de Curros Enríquez, nº 1, of. 201, 36202 / tfno-fax: 986857545  
**VIGO** Rúa Doutor Cadaval, nº 33, 2º C, 36202 / tfno.-fax: 986228658

Á/A ILMO. SR. JESÚS VÁZQUEZ ABAD

CONSELLEIRO

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**ASUNTO:** DECLARACIÓN PÚBLICA EN DEFENSA DOS ENDL

**EXPÓN:**

Nos últimos días, inclusive meses, estamos a asistir a unha violenta campaña, protagonizada por unha asociación política que nada ten que ver co ensino, contra os **Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística** e, xa que logo, contra as persoas que os integran, que ao cabo é persoal ao servizo da Consellería da que vostede está á fronte.

Ante estes ataques, nos que se acusa aos **Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística** de utilizar os seus blogs e webs con obxectivos ideolóxicos, fins que segundo esa asociación consiguen mediante a publicación de manifestos e información de campañas e actos realizados por diferentes asociacións vinculadas a partidos políticos, dende o STEG queremos facer dúas reflexións:

- os **Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística** son os grupos de profesorado que teñen, por lei, encomendada a misión de velar pola promoción, dinamización e normalización da lingua galega nos centros educativos, para o que gozarán de todo o apoio por parte da Consellería;
- os **Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística** veñen desenvolvendo esa misión a prol da lingua galega nos últimos quince (15) anos sen que houbera ningunha denuncia por ese labor, todo o contrario, as persoas que integran os ENDL desenvolveron e están a desenvolver as funcións que a lei lles ten encomendadas cunha recoñecida profesionalidade.

Por estas razóns, consideramos que os **Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística** están a cumprir unha tarefa necesaria e imprescindible nos centros educativos galegos, polo que,

**SOLICITA:**

Por parte do Conselleriro:

- unha declaración pública de recoñecemento do traballo dos **Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística** a prol da lingua galega; así como
- a oferta de todo o seu apoio político e xurídico, ás persoas que integran os **Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística**

Pois dende o STEG consideramos un deber, que o Conselleiro non pode desatender, a defensa das traballadoras e traballadores que están ao servizo da Consellería fronte a este ataque organizado e difamatorio contra as súas persoas.

En Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2010

Asdo.: Alfredo Iglesias Diéguez  
en nome e representación do  
Secretariado Nacional do STEG